

V2206172 - PFPP V2231100 O polo creativo no IES Ribeira do Louro

As principais actividades realizadas no polo creativo polos membros do grupo de traballo V2206172 foron as seguintes:

1. Vídeo-documentais sobre a bioloxía dos peixes:

O alumnado de 1º ESO, na materia de **Bioloxía e Xeoloxía**, realizamos e montamos unha serie de vídeos documentais sobre a bioloxía dos peixes, utilizando na gravación un fondo verde de croma.




2. Titorial sobre o emprego da aplicación Xournal++:

Realización dunha clase sobre o emprego da aplicación Xournal ++ a cargo de dous alumnos de 2º ESO. O software empregado foi OBS Studio e o material foi o taboleiro interactivo de 75”.


3. Deseño de e-textiles:

O alumnado de 3º ESO realizou un deseño de e-textiles na materia de **Física e Química e Tecnoloxía**, previamente prototipado electrónico co kit Complubot. Manexo do software de Crumble 1.4.13.



4. Videotutoriais sobre progresións:

O alumnado de **Matemáticas** de 3º ESO realizou videotutoriais nos que se explicaban os contidos do tema de sucesións e progresións. Para iso empregaron o aro de luz e o fondo de croma coa finalidade de que eles aparecesen por diante dunha presentación onde estaban escritos os conceptos matemáticos.




5. Visión estereoscópica das cúpulas autoportantes de Leonardo:

O proxecto realizouse de forma conxunta nas materias de **Física e Química e Matemáticas Académicas** de 4º ESO. O alumnado deseñou e construiu dous esteroscopios de madeira empregando a cortadora láser e as ferramentas de carpintería. Ademais, empregando a cortadora laser cortáronse as pezas para a construción das cúpulas autoportantes de Leonardo da Vinci.



6. Robots M-Bot

O alumnado de 4º ESO de **Tecnoloxía** realizaron a montaxe e programación de Robots M-Bot.



7.Chapas da biblioteca: Desde o Clube de lectura utilizamos os polos dixitais para facermos chapas co logo da Biblioteca, na preparación do encontro dos clubes de lectura do CEIP Antonio Palacios e o noso centro, que tivo lugar o 25 de abril.



8.Obradoiros de costura: Dentro do seminario de formación do profesorado V2206172 *O polo creativo* houbo 4 horas de formación 17 abril e 27 de marzo onde se realizou un obradoiros de costura e de creatividade a partir de roupa reciclada. Empregouse a máquina de coser e set de costura básico. Relatora: Rosa María Rocha (nai dun alumno do centro).



9. Obradoiro emprego cámara e Gimbal: Dentro do seminario de formación do profesorado V2205141 *Aulas virtuais e creación dun repositorio en formato vídeo*. Realizáronse sesións prácticas da cámara dixital de foto e vídeo e o Gimbal para móbil. Ademáis, a profesora Raquel Santaolalla realizou un vídeotutorial sobre o manexo do Gimbal ao dispor do profesorado.

